

Adaptación: **XOSÉ BALLESTEROS**

Ilustracións: **ÓSCAR VILLÁN**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

32 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "O coelliño branco"
Os contos do trasno. ISBN 978-84-8464-548-1
- Castelán: "El pequeño conejo blanco"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-565-8
- Castelán: "El conejo blanco"
Makakiños. ISBN 978-84-8464-235-0
- Catalán: "El conillet blanc"
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-562-7
- Euskera: "Untxitxo txuria"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-95123-97-8
- Portugués: "O coelhinho branco"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-03-3
- Inglés: "The little white rabbit"
Books for dreaming. ISBN 978-84-8464-678-5
- Italiano: "Il piccolo coniglio bianco"
Libri per sognare. ISBN 978-88-95933-17-7

Prezo: 13 €



PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 1999

O COELLIÑO BRANCO

Érase unha vez un coelliño branco. Un día foi buscar coles á horta para facer un caldiño. Cando o coelliño volveu á casa, atopou a porta pechada e petou.
-Quén é? –preguntou un vozarrón desde dentro...

...E na busca de axuda para reconquistar o seu fogar, ocupado pola terrible cabra cabraza, que se o colle o esmagaza, o pequeno coello levará varias sorpresas...

"O coelliño branco" é un texto-fórmula concebido tanto para ser lido coma para ser contado, que xoga de forma especial coa sonoridade e a rima. Tamén reivindica a amizade e a coraxe, porque a valentía non é cuestión de tamaños.

Trátase dunha adaptación de Xosé Ballesteros a partir do conto popular portugués, con ilustracións de Óscar Villán, que foi galardoado en 1999 co Premio Nacional de Ilustración por esta obra. Este álbum tamén foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo dos Mellores Libros para Nenos 2000.

"O coelliño branco" publicouse na colección Makakiños, unha iniciativa pioneira para facilitar a lectura a persoas con autismo e outras discapacidades intelectuais. A Asociación BATA (Baión Asociación do Tratamiento do Autismo) colaborou na adaptación dos textos á linguaxe de pictogramas.

XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)

Escritor, editor, especialista en literatura infantil. Imparte obradoiros de escrita creativa para docentes, escolares e afeccionados á literatura. Ten publicado, entre outras obras, a novela "Talego" (Premio García

Barros de Novela 1993. Ed. Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No eido da literatura infantil e xuvenil publicou a serie "Os Gordibolas" (Ed. Xerais, 1996) e adaptou varios contos populares, como "O coelliño branco", "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frutista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA. Neste mesmo selo vén de publicar "Imaxina animais".

ÓSCAR VILLÁN (Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de pintura. Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, "O coelliño branco", recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Ilustrou outros títulos, tamén en KALANDRAKA, como "A cebra Camila", "Amora", a colección "Do berce á lúa" e "O Rei Oso Branco", aos que se suma o álbum "Un becho estraño", en FAKTORÍA K. Dirixe a colección de arte 'Alfabetos'.

- **Temática:** un coello pide axuda a outros animais para recuperar a súa casa
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** Premio Nacional de Ilustración 1999; selección 'Os Mellores' do Banco do Libro de Venezuela; incluído no Plan Nacional de Lectura de Portugal; dispoñible na colección Makakiños (lectores con necesidades educativas especiais)
- **Aplicacións:** estrutura encadeada; animais humanizados; a forza da unión

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com